



RESOLUCIÓN DE 23 DE OUTUBRO DE 2025 DA XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE, POLA QUE SE DECLARAN OS/AS ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS NO PROCEDIMENTO DE MOBILIDADE INTERNA VOLUNTARIA CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DE 16 DE XUÑO DE 2025 NO ÁMBITO DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO A CORUÑA.

Mediante a Resolución da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee de data 16 de xuño de 2025 (DOG n.º 123 do 30 de xuño) convocouse procedemento de mobilidade interna voluntaria para o persoal estatutario fixo das categorías de persoal sanitario de grao, sanitario de formación profesional e persoal de xestión e servizos do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña.

Unha vez rematados os prazos de presentación de solicitudes para todas as categorías obxecto da convocatoria, esta Xerencia de Área Sanitaria,

RESOLVE:

Primeiro: Publicar, **con carácter provisional**, a listaxe de aspirantes admitidos/as e excluídos/as ao devandito procedemento de mobilidade interna voluntaria.

Segundo: A listaxe poderá examinarse na páxina web do ESPAZO DO PROFESIONAL.

Terceiro: Os/As aspirantes excluídos/as disporán dun prazo de **cinco días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da publicación desta Resolución, para poder presentar as reclamacións que consideren oportunas, ou para poder emendar, de ser o caso o defecto que motivase a súa exclusión.

Asinado dixitalmente na Coruña,
Luis Verde Remeseiro
Xerente da Área Sanitaria da Coruña e Cee

DILIXENCIA,

Para facer constar que coa data da súa sinatura dixital procédese á publicación da presente Resolución.

Asinado dixitalmente na Coruña,
Javier Fernández Nistal